

Tema 30. O franquismo. Política económica

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá caracterizar a **política económica do franquismo** nas súas distintas **etapas**: os **principais trazos da política autárquica** propia da **primeira fase** (período de illamento internacional e bloqueo económico); a **política de liberalización económica desenvolvida polo goberno dos tecnócratas**; as **causas e consecuencias** do chamado *Desarrollismo* e os **efectos** da crise económica internacional no tardofranquismo.

Ao remate da **guerra civil**, instáurase en España unha longuíssima ditadura militar, o réxime franquista: con **Franco** como “caudillo”, conservadora, católica, ultranacionalista e con elementos do fascismo italiano. O moito que durou explica que pasase por diferentes fases, tanto no político como no económico.

PRIMEIRA FASE: AUTARQUÍA (anos 40)

A posguerra caracterizouse polas enormes dificultades económicas: os mortos e exiliados, a destrución de infraestruturas, o parón na produción, a ruína da Facenda, a fame, os racionamentos... A esta grave situación, que conduciu a moita poboación urbana a volver ao rural (reruralización), sumouse ademais o illamento e bloqueo comercial internacional contra a España franquista, o que levou a Franco a xustificar a necesidade dunha **política económica autárquica**, inspirado no fascismo. A autarquía consistía en que o Estado interviña na economía para lograr un autoabastecemento total, para ser plenamente autosuficiente e non ter que recurrir aos mercados estranxeiros, pechados ao réxime.

-Na **agricultura**, para lograr poñer en explotación máis terras e así poder conseguir máis alimentos, fundouse o **Instituto Nacional de Colonización (1939)** que, mediante a construción de pantanos e canais, creou 300 novos núcleos de poboación en terras ata entón deshabitadas, ao estender nelas o regadío. Pero a pesar da propaganda, estas medidas non lograron aumentar a produción de alimentos no país.

-Na **industria**, para implantar ou favorecer o desenvolvemento da industria española, fundouse o **Instituto Nacional de Industria (1941)** que, mediante a creación de diferentes empresas, como **SEAT** (automóviles), **PEGASO** (camións), **ENDESA** (eléctrica) ou **ENCE** (papeleira), converteuse enseguida no grupo empresarial máis grande e importante de España. Ademais, **Franco** nacionalizou sectores estratéxicos varios: como o ferrocarril (**RENFE**), o transporte aéreo (**IBERIA**) ou as comunicacións

telefónicas (**TELEFÓNICA**), e tratou de impulsar a construción de obras públicas (estradas, pantanos...).

Pero esta política autárquica non obtivo resultados e a situación económica empeorou, debido a:

- A enorme dependencia técnica do estranxeiro (en materias primas, enerxías, máquinas, tecnoloxía...)
- Os produtos, ao escasear, eran moi caros... e os salarios en cambio moi baixos (inflación)
- No campo, as secas provocaron malas colleitas e estenderon a fame e a pobreza. Como exemplo desta escaseza, o goberno tivo que recurrir a cartillas de racionamento de 1939 a 1952 para racionar o acceso aos alimentos básicos, e así evitar (sen éxito) o desabastecemento... Ante a falla deses produtos, moitos españois recorreron a comprar no mercado negro ou estraperlo.

SEGUNDA FASE: APERTURA (anos 50)

Os anos 50 demostraron o fracaso desta autarquía e a necesidade de abrirse ao exterior. Algo que foi posible grazas ao **novo contexto mundial**: a **Guerra Fría** entre **EEUU** a **URSS**, que convertía á ditadura franquista nun aliado anticomunista interesante para Estados Unidos. Isto facilitou os primeiros acordos, en 1953, co **Vaticano** e con **EEUU**, que sacaron a España do illamento. Neste contexto foi no que se deron os primeiros pasos cara o aperturismo económico. Así:

-No comercial: suprímese o racionamento de alimentos e a intervención do Estado nos prezos

-No industrial: aumenta a entrada de materias primas e tecnoloxía desde o estranxeiro.

-No político, Franco accede a substituír aos ministros falanxistas (que eran partidarios da autarquía) por técnicos do **Opus Dei**, ultraconservadores igualmente, pero especialistas en economía e dereito. Foron estes novos ministros **tecnócratas** os que convenceron a **Franco** para liberalizar a economía, para o cal elaboran o **Plan de Estabilización***(1959), co fin de sanear as contas e desenvolver España abandonando o modelo autárquico para aproximarse ao **modelo liberal capitalista**:

-Liberalizando prezos e eliminando intervencionismos do Estado .

-Liberalizando os intercambios comerciais co estranxeiro

-Limitando o gasto público e reducindo a inflación.

Este plan foi ben acollido por **EEUU** e os bancos, xa que permitiron a chegada de axudas económicas; pero tamén tivo outra cara da moeda: conxelación de salarios, despidos e aumento do paro... De feito, a **emigración** foi unha das saídas ao paro pola que optaron entón moitos traballadores, especialmente cara Europa (Francia, Bélxica, Suíza, Alemaña...), que substitúe a América como destino; pero tamén cara as rexións máis industrializadas de España (Euskadi e Cataluña)... onde foron mal acollidos polos nacionalistas: así, no P.Vasco apodábanos maketos; e en Cataluña xarnegos.

TERCEIRA FASE: O DESARROLLISMO (anos 60)

Pero o éxito deste **Plan** foi que sentou as bases para iniciar o forte “**desarrollismo**” dos anos 60. Así, xa saneada a economía do Estado, os tecnócratas deseñan tres **Plans de Desenvolvemento Cuadriennais**, co fin de: acabar co paro, elevar a renda dos españois e integrar España na economía mundial. Estes plans centráronse en desenvolver a industria (siderurxia, naval, automoción...) como motor económico:

1. Creáronse “Polos de desenvolvemento” a modo de polígono industrial na periferia de cidades medias, para contribuir a industrializalas (un exemplo foi o **Polo Vigo-Porriño**, no actual polígono de **As Gándaras**).
2. Aumentou a produción de **automóbiles**, cun enorme éxito do **SEAT 600**, o 1º coche de moitos españois.
3. Aumentou tamén a produción de **electrodomésticos**, con empresas vascas como **Fagor, Edesa...**
4. Instaláronse **refinerías** de petróleo e construíronse **encoros** para producir enerxía eléctrica.
5. Promocionouse o **turismo**, con España como destino barato de sol/praias, converténdose nun motor económico que impulsou a construción e os servizos, e aportando unha maior entrada de divisas (moeda estranxeira) que, coa enviada polos emigrantes, permitiu a España aumentar as importacións (compras no estranxeiro, con esas divisas).
6. Melloraron os investimentos de empresas estranxeiras, a banca e o consumo dos españois. Este crecemento na década dos 60 converteu a España nun país máis urbán e industrializado, aínda que con desigualdades xeográficas importantes, e sen atender a normas ambientais nin urbanísticas. Por outra parte, esta apertura cara ao exterior, trouxo non só cambios económicos, senón ganas de apertura tamén en dereitos, e de parecerse á Europa da que falaban turistas e emigrantes.

CUARTA FASE: CRISE (anos 70)

Este enorme crecemento da economía española comezou a estancarse xa a finais dos 60, pero detense definitivamente co estalido mundial da **Crise do Petróleo de 1973**, cando a raíz da guerra entre Israel e os países árabes, estes cortan a venda de petróleo a Occidente. Isto fixo aumentar moito o prezo do petróleo, e en xeral de todos os prezos, provocando unha crise mundial, e con ela unha maior conflitividade laboral e maior oposición pública ao réxime franquista (de feito, en 1973 é asasinado o presidente do Goberno franquista, **Carrero Blanco**). Este contexto de crise favorecerá tamén a descomposición do propio réxime ... pero tamén complicará aínda máis a posibilidade dunha Transición á democracia.

En conclusión, a evolución económica condicionou sempre a evolución do propio réxime e da oposición. Cos anos, moitos españois entenderon que a única opción para lograr saír da crise económica e de ser por fin aceptados na **CEE** (futura Unión Europa) era transformarse nunha democracia. Unha transición que comezaría, non sen problemas, á morte de **Franco**, en novembro de 1975.